

Programación do curso

Patricia Barciela	21 de xaneiro. 16:00-20:00h
José Viñas	22 de xaneiro 10:00-14:00h 16:00-20:00h


ABORDANDO A CIENCIA EN INFANTIL E PRIMARIA

P2102003

Lugar: CFR Pontevedra (Pontevedra)

Duración curso: 12h

- 12 horas son presenciais e de docencia.
- O profesorado participante terá que traer: unha lupa plástica de man pequena e unha camiseta branca para facer algún experimento textil.



Asesora de educación Infantil e Primaria

Silvia Peña Meijomín
capi9@edu.xunta.es

Xaneiro 2021

ABORDANDO A CIENCIA EN INFANTIL E PRIMARIA

Patricia Andrea Barciela Durán

Licenciada e doctora en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago.

En 1995 incorporouse ao equipo técnico dos Museos Científicos Coruñeses e en 1998 asumiu a dirección técnica da Domus.

Participou na organización de todas as actividades deste museo, como exposiciónes, conferencias, cursos e obradoiros. Especializada en temas relacionados co ser humano, colabora habitualmente con diversos medios de comunicación, entre os que destacan A Voz, Heraldo de Aragón e Radio Voz.

José Manuel Viñas Diéguez

Licenciatura de Bioloxía na Universidade de Santiago de Compostela, especialidade Zooloxía (1986-1991). Profesor de ensino secundario dende o ano 1997 en centros de Narón, Neda, As Pontes e Cambre, participando en equipos directivos durante 5 anos.

Coordinador do Club de ciencia do IES David Buján dende setembro de 2012 ata a actualidade.

En abril do 2014 recibe o primeiro premio na categoría de Bioloxía da Virtual Science Hub. European Schoolnet coa elaboración dunha práctica seguindo o método indagativo.

Sesión venres 21 de xaneiro, 16:00-20:00 h (4 h)

SnackLab

Experimentos cortos e sorprendentes sobre ciencia e tecnoloxía que se propoñen como un xeito de atraer aos alumnos cando comezamos un novo tema.

Sesión sábado 22 de xaneiro, 10:00-14:00 h (4 h)

BiblioLab

Exploramos o mundo dos contos e o mundo da ciencia xuntos. Un conto máis un experimento é unha combinación única que nos introduce na ciencia dun xeito diferente. Unha iniciativa para facer da biblioteca un novo espacio para facer ciencia.

Sesión sábado 22 de xaneiro, 16:00-20:00 h (4 h)

TecnoLab

Circuitos de papel: montaremos circuitos simples ou complexos sobre papel. Con cinta condutora e LEDs crearemos circuitos totalmente operativos nunha tarxeta de felicitación, unha figura de papiroflexia ou unha construción de papel tipo "pop-up". A imaxinación de cada quen é o único límite.

Circuitos textiles: con fío condutor, pilas e LEDs poderemos crear circuitos brandos que se integren nun tecido. É unha mestura de materiais que combina as técnicas tradicionais de manualidades coas máis novas tecnoloxías. É tamén unha forma lúdica de entender o funcionamento dos circuitos eléctricos creando proxectos propios.